



Avisos.

REDE CULTURAL DEPUTACIÓN 2011

Recordamos ás asociacións de veciños, culturais,... que está aberto o prazo de solicitude de actuacións ao abeiro da Rede Cultural da Deputación 2011.

Os interesados en solicitar unha actuación deberán facelo **antes do 9 de abril**.

PERMISOS DE QUEIMA AGRÍCOLA.

Informamos aos veciños que agora existen dúas maneiras de solicitar os permisos de queima agrícolas:

- Chamando ao 012.
- A través de Internet.

Para solicitalo por internet débese contar cunha conta de e-mail e seguir os seguintes pasos:

1. Acceder á páxina web <http://emediorural.xunta.es/queimasweb/>
2. Na ventá que se abre cubrimos o número do DNI e o e-mail onde nos enviarán un correo electrónico dende a Xunta de Galicia.
3. Accedemos a nosa conta de correo e abrimos o correo electrónico que nos enviaron dende a Xunta de Galicia.
4. No correo figura un enlace a unha páxina web, prememos nel.
5. Ábrese unha nova páxina na que debemos cubrir os datos que nos solicitan. Lembren marcar o cadriño no que aceptamos a normativa vixente.

6. Ao ter os datos cubertos prememos en Enviar comunicación de queima.
7. Tras isto móstrárenos o noso permiso que teremos que imprimir. Tamén se remite unha copia do permiso a conta de correo.

Servizos Sociais

Aberto o prazo de solicitude do programa de Termalismo Social da Xunta. O prazo remata o 15 de abril de 2011.

Esther/Teresa

Deportes

BALNEARIO 2011.

Neste mes de abril faranse as tres últimas visitas ao Balneario de Brión os días **6, 13 e 20 de abril**. Os interesados deberán anotarse coma sempre no Concello.

A.F. Santiaguíños

-**Venres 29 de abril de 2011:**
Actuación Musical de Mini e Mero na Casa da Cultura ás 9 da noite.

-A partir do 2 de abril **Curso de Bolillos** na Cámara Agraria. Anotarse no 654.20.21.69

Carmíña Barreiro

Axente de

Desenvolvemento Local

-*Programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras* (DOGA núm. 61 do 28/03/2011).

-*Programa de fomento da contratación indefinida inicial.*

-Programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos.

-Programa de incentivos á contratación temporal.

-Promoción do emprego autónomo (DOGA núm. 60 do 25/03/2011). Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores/as autónomos.

-Programa de fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria (DOGA núm. 63 do 30/03/2011).

-Axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais (DOGA núm. 46 do 08/03/2011). Asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas así como as asociacións de sociedades laborais debidamente inscritas.

-Subvencións para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes (DOGA núm. 64 do 31/03/2011). Os titulares dos establecementos restaurantes deberán estar inscritos no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia e terán que ser propietarios dos inmobles obxecto de actuación ou ter unha disposición sobre eles.

-Subvencións para a creación de aldeas de turismo rural, a mellora de establecementos existentes de turismo rural, e a creación ou mellora da oferta complementaria nos establecementos de turismo rural existentes (DOGA núm. 64

do 31/03/2011). As empresas autónomas ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil, civil ou comunidade de bens e que sexan titulares dos establecementos nos cales se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención.

Convocatoria de 2 prazas de persoal laboral temporal para o servizo de axuda no fogar. Aquelas persoas que estean interesadas en participar deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

A convocatoria e as bases de selección está publicada na páxina web, taboleiro do Concello e nas oficinas do INEM.

A data límite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello será o 7 de abril de 2011 ás 2 da tarde.

Ana Vallo

Eleccións Locais

EXPOSICION DAS LISTAS DO CENSO ELECTORAL

Ponse en coñecemento de tódolos veciños deste Concello, que as listas do Censo Electoral atópanse expostas ó público nas oficinas municipais, e a efectos de reclamacións dende o día **4 ao 11 de abril.**

Aconséllase a tódolos veciños que realicen, dentro do prazo sinalado, e especialmente os que cumpriron **recentemente 18 anos** e os que **cambiaron de enderezo** nos últimos meses, a comprobación da súa inclusión no citado Censo Electoral, pois diso dependerá que poidan exercer o seu dereito a emitir voto nas Eleccións Locais 2011, que terán lugar o día 22 de maio.

Asemade, infórmase que existe un teléfono de chamada gratuíta para realizar a consulta, sen ter que desprazarse ata o Concello:

901 101 900.